



Concello de Moaña

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
1457/2024	Xunta de Goberno Local XGL/2024/35

Nuria Lobato Del Río, EN CALIDADE DE SECRETARIA,

CERTIFICO:

Que na sesión da Xunta de Goberno Local desenvolvida o 2 de setembro de 2024 adoptouse, por unanimidade das persoas asistentes, o seguinte acordo:

Fora da orde do día.- Expediente 1457/2024. Proposta adxudicación do contrato do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD

Vista a proposta da alcaldesa, datada o 2 de setembro de 2024, que textualmente di:

Expediente núm.: 1457/2024

Procedemento: Contratacións

Serie documental: S0269 - Contratacións de servizos por procedemento aberto

Asunto: Contratación do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software AS A SERVICE – SAAS)

Documento: Proposta de alcaldía

Trámite: Adxudicación do contrato

Proposta da Alcaldía

I. Antecedentes.-

1º.- Incoación do procedemento. -

Mediante providencia de alcaldía, de data 21.05.2024 (CSV: 3DYQGCGQ22NYQ4FPQJ945TSJXW-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), iniciase procedemento de contratación administrativa do servizo de implantación, mantemento e soporte dun software de xestión de nómina e RRHH a través dunha plataforma tecnolóxica cloud, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, coas seguintes características:

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVICIOS	
Obxecto do contrato: Software de xestión de nómina e recursos humanos a través de cloud	
Procedemento de contratación: ABERTO Tramitación: ORDINARIA	
Código CPV: 72267100-0 Mantenimiento de software de tecnología de la información CPA 2008-	
Duración: 2 anos	Prórrogas: Un ano
Valor estimado do contrato: 52.464,00 € IVE%: 11.017,44 €	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 39.764,00 €	

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

Orzamento base de licitación IVE incluído: 48.114,44 €

Mejoras: Non procede

A providencia de referencia xustifica a incoación nas necesidades postas de manifesto no informe da técnica de recursos humanos do servizo de Persoal deste concello núm. 2024-0106 do 6 de maio de 2024 (CSV: 69HTT6T7WHNJ73KKKLT4Q7NAX-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>).

O acceso á solución de Nómina e Recursos Humanos explotarase con despregamento nunha plataforma tecnolóxica cloud (nube facilitada polo adxudicatario) e dotará ao departamento de Persoal do acceso a unha solución funcional, aberta e flexible para xestionar de forma integrada toda a información manexada polo departamento, co fin de axilizar o traballo diario, asegurando o cumprimento das obrigas legais pertinentes.

A solución de software proposta debe facilitar o acceso Cloud aos usuarios de forma nominal, como tendencia estratéxica sobre a dixitalización do Concello de Moaña e facilitar tamén a accesibilidade e mobilidade (tele traballo para o equipo do departamento de Persoal) dende calquera punto con máximas garantías de seguridade.

2º.- Xustificación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato.-

Consta memoria, de data 28.05.2024 (csv: 35DKTCF979R62R5ZCPEXAN9DW-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>) xustificativa da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato, asinada pola concelleira delegada de Persoal (delegación da área resolta por decreto de alcaldía núm. 563/2023 de 19.6.2023-BOP.PO núm. 127 de 03.07.2023), que xustifica a necesidade das actuacións.

En canto ao obxecto do contrato se interesan as seguintes funcionalidades que serán explotadas polos usuarios habilitados e certificados da organización:

- Xestión de empregados
- Xestión do ciclo de nómina, seguridade social e xestión da contratación
- Enlace coa aplicación de contabilidade Sicalwin de Aytos
- Xerador de consultas e informes
- Administración de prazos e postos
- Cálculo e seguimento Presupostario Capítulo I
- Administración de prazos e postos

Forma parte do obxecto do contrato proposto a realización das seguintes prestacións:

- a) Realizar a migración técnica da base de datos dos empregados e das funcionalidades actuais da solución Ginpix7 á nova plataforma Cloud facilitada polo adxudicatario que inclúa os servizos SaaS.
- b) Realizar a implantación das funcionalidades da estrutura organizativa (RPT e plantilla) incluíndo a parametrización e a implantación do enlace á contabilidade SICAL.
- c) A formación dos usuarios do sistema proposto,
- d) Os servizos de consultaría para a implantación do servizo e a posta en marcha das funcionalidades de nómina e recursos humanos definidas no alcance do proxecto.
- e) Os servizos asociados á plataforma tecnolóxica cloud para albergar a base de datos dos empregados.
- f) O soporte e mantemento do sistema.

Dentro dos servizos asociados á plataforma tecnolóxica Cloud incluíranse os seguintes:

- Garantía de acceso de usuarios os 365 días do ano e 24 horas ao día (salvo os tempos mínimos destinados ao mantemento da plataforma tecnolóxica notificados coa suficiente antelación).
- Dereito de uso e utilización do software para os usuarios cos permisos e accesos pertinentes.
- Aloxamento dos datos do Concello de Moaña na plataforma tecnolóxica Cloud.
- Servizo de actualización de versións do software realizado polo adxudicatario.
- Servizo de copias de seguridade da base de datos por parte do adxudicatario. Será necesario gardar unha copia completa anual durante os 5 anos seguintes, e poder dispoñer en calquera momento dunha copia mensual. A restauración das copias será levada a cabo polo provedor sen custe extra para o concello nun tempo máximo de 3 días hábiles.
- Servizo de soporte de atención a usuarios.
- Servizo de mantemento lexislativo, correctivo e evolutivo aplicado á xestión do ciclo de nómina e ás funcionalidades de recursos humanos indicadas nos pregos reguladores.

A memoria, contén, xunto coa necesidade derivada do contrato e a insuficiencia de medios (apartado 1.B), a

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

definición do obxecto do mesmo (apartado 2º), o análise económico e o seu impacto na estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (apartados 4º e 5º), a xustificación da non división en lotes (apartado 6º), así coma a xustificación do procedemento de contratación aberto proposto (apartado 8º).

O orzamento base de licitación queda desglosado do seguinte xeito:

Proyecto acceso cloud a solución de nómina con RPT y Enlace contable	Año 1	Año 2	Prórroga 1	TOTAL
Servicios de Consultoría: implantación despliegue Cloud, configuración enlace contable e implantación y formación a usuarios sobre la RPT	14.364,00 €			14.364,00 €
Cuota de acceso anual a solución Cloud, soporte y mantenimiento	12.700,00 €	12.700,00 €	12.700,00 €	38.100,00 €
SUBTOTAL	27.064,00 €	12.700,00 €	12.700,00 €	52.464,00 €
IVA 21%	5.683,44 €	2.667,00 €	2.667,00 €	11.017,44 €
TOTAL	32.747,44 €	15.367,00 €	15.367,00 €	63.481,44 €

3º.- Informe de insuficiencia de medios.-

Na memoria do órgano xestor, de data 28.05.2024 (csv: 35DKTCF979R62R5ZCPEXAN9DW-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), xustificativa da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, consta xustificada a insuficiencia de medios no apartado 1.B esixible no artigo 116.4.f) da LCS.

4º.- Retención de crédito.-

Consta acreditada no expediente a Retención de crédito, núm de operación 220240004842, incorporada ao expediente, polo importe de 25.063,94 euros, efectuada na aplicación orzamentaria 9200 21601 do orzamento do Concello de Moaña para 2 trimestres do ano 2024.

5º.- Xustificación non división en lotes.-

No apartado 6º da memoria do órgano xestor, de data 28.05.2024 (csv: 35DKTCF979R62R5ZCPEXAN9DW-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>) se xustifica a non división en lotes do contrato proposto que ven a reproducir a xustificación data pola Técnica de RRHH do concello no apartado 3º do informe núm. 106/2024 (csv: 69HTT6T7WHNJ73KKKL4Q7NAX- <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), nos termos esixibles no artigo 99.3 da LCSP.

6º.- Aprobación do expediente de contratación. Designación de responsable do contrato e unidade de seguimento-

Mediante acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión ordinaria celebrada en data 10 de xuño de 2024 (csv do certificado nº 2024-0370 do acordo: 5WJ5NAZ4CY72CH4ZZ2W3RC5EP- Corrección: <https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), se declara xustificada a necesidade da celebración do contrato do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software AS A SERVICE – SAAS), polo procedemento aberto e tramitación ordinaria

Nos puntos resolutivos segundo e terceiro do citado acordo se aproba o expediente de contratación administrativa do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software AS A SERVICE – SAAS), por procedemento aberto, tramitación ordinaria, con varios criterios de adxudicación e se autoriza e dispón o gasto polo importe de 25.063,94 € (IVE engadido), con cargo á aplicación orzamentaria 9200 21601, correspondente á implantación e ao mantemento de 2 trimestres do 2024, que corresponden coa previsión da licitación e adxudicación do contrato que conduza ao seu perfeccionamento.

Ao tratarse dun compromiso de gasto plurianual polo importe de 48.114,44 €, coa seguinte distribución por anualidades do contrato (cláusula 6 dos PCAP e apartado 4 e 5 do Cadro de Características do Contrato (Anexo I PCAP)), o compromiso queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos do seguinte xeito:

ANUALIDADE	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL
2024 (implantación e mantemento de 2 trimestres)	20.714,00 €	4.349,94 €	25.063,94 €
2025 (mantemento anual)	12.700,00 €	2.667,00 €	15.367,00 €
2026 (mantemento de 2 trimestres)	6.350,00 €	1.333,50 €	7.683,50 €

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

Xunto co anterior, no acordo de referencia se aproba o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (CSV:575FTZD5MATDDE34HNAEPSDXF- Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), asinado en data de 07 de xuño de 2024, e de prescricións técnicas (PPT) (CSV: 9FKWYWK37S7WY3ZJFL2ZP4MTN-Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>) asinados pola alcaldesa e polo concelleiro delegado de Persoal, respectivamente e se ordena a apertura do procedemento aberto de contratación, con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o PPT, ordenando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Moaña na Plataforma de contratos do sector público.

No punto resolutivo sétimo do acordo da XG de 10 de xuño de 2024 se designa á Técnica de RR.HH deste concello como Responsable do contrato e ao concelleiro delegado de Persoal como unidade de seguimento do contrato nos termos esixidos no artigo 61 da LCSP.

7º.- Licitación do contrato: publicación da licitación, apertura e valoración da documentación achegada polos licitadores que concorren

O anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante do Concello de Moaña, aloxado na PCSP, o día 11.06.2024

Transcorrido o prazo de recepción de ofertas, concorre un único licitador segundo reflicte o certificado que, como dato automatizado, emite a Plataforma de contratación do sector público (código seguro de verificación: 0TAF+_0GFRG_08VQP_10240 (<https://contrataciondelestado.es>))

A Mesa de contratación permanente que asiste á XGL, na sesión celebrada en data 04 de xullo de 2024, procede á apertura do sobre A – documentación administrativa e, posteriormente á apertura do sobre B que contén a oferta avaliable mediante xuízo de valor, e á verificación da presentación da documentación recollida na cláusula 14.3 en relación coa 12 do PCAP: proposición técnica (memoria), procedendo, no citado acto, consonte a cláusula 16.1 do PCAP, a remitir a oferta recibida no sobre B, avaliable mediante un xuízo de valor, ao servizo de asistencia a municipios da Deputación provincial de Pontevedra, para a súa avaliación previa.

En data 09 de xullo de 2024, o servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra emite informe de VALORACIÓN do SOBRE B da única licitadora que concorre correspondete aos Criterios que dependen dun xuízo de valor do PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, MANTENIMENTO E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE) PARA O CONCELLO DE MOAÑA (CSV:YYQTCDA9VEHXT59Y-<https://sede.depo.gal>)

A mesa de contratación novamente reunida en data 11 de xullo de 2024, visto o Informe técnico emitido polo servizo de novas tecnoloxías da DP.PO, relacionado no parágrafo anterior, acorda por unanimidade dos presentes, en relación coa valoración do sobre B, o seguinte:

1º.- Asumir o resultado da avaliación reflectida no informe do Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación de Pontevedra (DP.PO).

Logo do anterior, a Mesa na referida sesión procedeu á apertura do sobre C presentado pola única licitadora que concorre no procedemento de contratación de referencia, e procede á valoración da documentación contida no mesmo relativa a criterios automáticos (cláusula 14.4 e 12.2 dos PCAP), co seguinte resultado

	CRITERIOS AVAILABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR (45 PUNTOS)								12.2.1) prezo ofertado - implantación		12.2.1) prezo ofertado - cota anual		12.2.2) dispoñibilidade de ISO 9001:2015 para o soporte a usuarios		12.2.2) dispoñibilidade de ISO 9001:2015 para o proceso de deseño do software e implantación do servizo		12.2.3) outros criterios - dispoñibilidade dunha plataforma on line de xestión de OEP que cumpre a lei 39 de administración electrónica		12.2.3) outros criterios - dispoñibilidade de plataforma on line de formación e certificación para usuarios		TOTAL
	12.1.1) calidade da proposta técnica	12.1.2) plan de execución do proxecto	12.1.3) formación	12.1.4) soporte a usuarios																	
	(máx. 30 pts)	(máx. 10 pts)	(máx. 2,5 pts)	(máx. 2,5 pts)	€	pts	€	pts	ISO	pts	ISO	pts	plataforma	pts	proxeecto	pts					
SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA	27,00	10,00	2,50	2,50	13.026,00 €	15,00	12.180,00 €	25,00	non	0,00	si	2,50	completa	5,00	amplio	5,00	94,50				
									ISO	pts	ISO	pts	plataforma	pts	proxeecto	pts					
									SI	2,50	SI	2,50	completa	5,00	amplio	5,00					
									NON	0,00	NON	0,00	básico	2,50	básico	2,50					
													non dispón	0	non dispón	0					

A Mesa de contratación permanente formula na citada sesión de data 11 de xullo de 2024 proposta de adxudicación do contrato do servizo para o acceso a un software especializado na administración local que facilite a xestión integral de nómina e recursos humanos a través dunha plataforma tecnolóxica CLOUD (ou nube), baixo a modalidade de pago por uso (software AS A SERVICE – SAAS), a favor de SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA S.L (SAVIA)- B80004732

8º.- Clasificación de ofertas e proposta de contratación
En base ás actuacións relacionadas no antecedente anterior, a Mesa de contratación permanente que asiste á Xunta de goberno local, acorda na sesión celebrada en data 11 de xullo de 2024, no exercicio das atribucións recoñecidas nos arts. 326. 2 da LCSP e 22 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, clasificar como admitida a única licitadora presentada: SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA (CIF: B80004732) e propón

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

á XGL a adxudicación do contrato administrativo de Servizo de implantación, mantemento e soporte dun software de xestión de nómina e RRHH a través dunha plataforma tecnolóxica cloud a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA (SAVIA) (CIF: B80004732).

9º.- Requirimento previo á adxudicación do contrato e Documentación acreditativa requisitos solvencia, das condición técnicas e constitución de garantía. Cumprimento de obrigas Tributarias e coa Seguridade Social. Comprobación non existencia de débedas en período executivo coa Facenda municipal

A Xunta de goberno local, na súa condición de órgano de contratación, na sesión ordinaria celebrada en data 17 de xullo de 2024 (csv do certificado do acordo: 7PYTHLQ4MQMJHDMX22N5AX5D2-<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), acordou aceptar a proposta, formulada pola Mesa de contratación permanente que asiste á XGL na sesión celebrada en data 11 de xullo de 2024, relativa á proposta de adxudicación do contrato do servizo de implantación, mantemento e soporte dun software de xestión de nómina e RRHH a través dunha plataforma tecnolóxica cloud a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA (CIF: B80004732 e clasificar, pola orde decrecente, as ofertas admitidas, nos termos previstos no apartado 1º do art. 150 da LCSP, do seguinte xeito:

Orde de prelación	Licitador	Puntuación total obtida
1º (única)	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA S L- NIF: B80004732	94,50 puntos

Xunto co anterior resolve requirirle a licitadora SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA S L (SAVIA) - NIF: B80004732 para que no prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente a documentación sinalada na cláusula 17 dos PCAP, así como a acreditativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76 da LCSP e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente nos termos previstos na cláusula 17.10 dos PCAP, calculado o importe da garantía definitiva que cómpre depositar en 1.869,30 euros [5% de 37.386,00 euros) correspondente ao 5 por cento da oferta presentada, excluído o IVE, por calquera dos medios a que se refire o art. 107.3 LCSP.

O citado acordo resulta notificado á licitadora interesada mediante comunicación efectuada por RS ref. 2024-S-RE-3353 de 18 de xullo de 2024 recibida na mesma data.

O 24 de xullo de 2024 SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA SL (SAVIA) - NIF: B80004732 achega a documentación requirida mediante escrito RE ref. 2024-E-RE-4049 de data 24.07.2024.

En data 29 de xullo de 2024, a Tesoureira do concello emite informe onde indica que o contribuínte co NIF: B80004732, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA S L, NON FIGURA como debedor á facenda municipal.

Consta documento contable de data 24 de xullo de 2024, núm. operación ref. 320240000987, do depósito na Tesourería do concello da garantía definitiva polo importe de 1.869,30 euros, importe coincidente co requirido pola XGL mediante acordo adoptado na sesión de 17 de xullo de 2024.

II. Normativa de aplicación.-

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGC).
- Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común do sector público.(LPAC)
- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 7/85 de 02 de abril reguladora das bases de Réxime Local (LBRL).
- Real decreto 781/86 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL)
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e sustentabilidade financeira das administracións públicas.

Tendo en conta os antecedentes de feito detallados ao longo da presente proposta, en aplicación do disposto nos arts. 116, 117 ,131, 146.1 respecto á elección e tramitación do procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Emitido e visto o informe de fiscalización previa á adxudicación do contrato núm. 2024-0205 de data 12 de

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

agosto de 2024 (CSV: 44HMJEF2EHTNLXGNYACDNDZAJ).

Logo da tramitación seguida que resulta dos antecedentes sinalados ao longo deste acto administrativo e á vista da proposta realizada pola Mesa de contratación permanente que asiste á XGL, adoptado na sesión celebrada con data 11 de xullo de 2024, e que resulta do antecedente 8º, aceptada pola XGL, na súa condición de órgano de contratación, na sesión ordinaria celebrada en data 17 de xullo de 2024 (antecedente 9º)

Considerando a competencia da Xunta de goberno local en materia de contratación delegadas pola Alcaldía por Resolución da Alcaldía nº 562/2023 de data 19 de xuño de 2023 (BOP.PO núm. 127 de 03.07.2023) e en base ao disposto na DA 2ª da LCSP, considerando os antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato administrativo do servizo para o ACCESO A UN SOFTWARE ESPECIALIZADO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL QUE FACILITE A XESTIÓN INTEGRAL DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE), BAIXO A MODALIDADE DE PAGO POR USO (SOFTWARE AS A SERVICE – SAAS) (Denominación abreviada: SERVICIO DE IMPLANTACIÓN, MANTEMENTO E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE NÓMINA E RRHH A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD) a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. (SAVIA) con CIF: B80004732, polo seguinte importe total polo prazo de duración do contrato 37.386,00 € (sen IVE), sendo o IVE de aplicación do 21% (7.851,06 €), o que supón un total de 45.237,06 € (IVE incluído).

O adxudicatario deberá cumprir as condicións incluídas na súa oferta económica que a continuación se extracta, e na documentación técnica contida no sobre B, así como as obrigas derivadas da súa proposición, as procedimentais sinaladas nos PCAP e PPT e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP e nos PPT:

1. OFERTA ECONÓMICA ANUAL (EN LETRA E NÚMERO):

SERVIZO DE CONSULTORIA: IMPLANTACIÓN DEPLIEGUE CLOUD, CONFIGURACIÓN ENLACE COUTABLE E IMPLANTACIÓN E FORMACIÓN AO USUARIOS SOBRE A RPT

- Importe neto: **13.026,00 € IVA excluído** (trece mil veintiseis euros IVA excluído)
- IVE (21%): 2.735,46 € (dos mil setecientos treinta e cinco euros con cuarenta e seis céntimos de euro del veintiu por ciento de IVA)
- Total: **15.761,46 € IVA incluído** (quince mil setecientos sesenta e un euros con cuarenta e seis céntimos de euro IVA incluído)

CUOTA DE ACCESO ANUAL A SOLUCIÓN CLOUD SOPORTE E MANTEMENTO

- Importe neto: **12.180,00 € IVA excluído** (doce mil cento ochenta euros IVA excluído)
- IVE (21%): 2.557,80 € (dos mil quinientos cincuenta e sete euros con ochenta céntimos de euro del veintiu por ciento de IVA).
- Total: **14.737,80 € IVA incluído** (catorce mil setecientos treinta e sete euros con ochenta céntimos de euro IVA incluído)

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

Siguiendo el modelo del Anexo I del Pliego administrativo les incluimos el detalle económico de la oferta económica propuesta:

Proyecto acceso cloud a solución de nómina con RPT y Enlace contable	Año 1	Año 2	Total
Servicios de consultoría: implantación para despliegue cloud, configuración enlace contable e implantación y formación a usuarios sobre la RPT	13.026,00 €		13.026,00 €
Cuota de acceso anual a solución en cloud, soporte y mantenimiento	12.180,00 €	12.180,00 €	24.360,00 €
SUBTOTAL	25.206,00 €	12.180,00 €	37.386,00 €
IVA 21%	5.293,26 €	2.557,80 €	7.851,06 €
TOTAL	30.499,26 €	14.737,80 €	45.237,06 €

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización. Se esta non se levase a cabo por causa imputable á adxudicataria, a Administración esixiralle o importe do 3% do orzamento basee de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido no artigo 71.2.a) da LCSP. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar

SEGUNDO.- Dispor o gasto correspondente ao exercicio 2024 con cargo á aplicación 9200 21601 do vixente orzamento do Concello de Moaña correspondente ao exercicio 2024, aprobado na sesión ordinaria do Pleno do 30 de maio de 2024, cuxo resumo por capítulos foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 108 do 4 de xuño de 2024).

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do correspondente anuncio, para o seu coñecemento e efectos oportunos, no perfil do contratante da XGL do Concello de Moaña, integrado na PCSP.

CUARTO.- Notificar o acordo que no seu caso se adopte ás licitadoras que concorreron ao procedemento de contratación mediante notificación electrónica, nos termos previstos na Disposición adicional 15ª, por remisión do artigo 151 da Lei de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, de acordo coas competencias da Alcaldía delegadas neste órgano por Resolución da Alcaldía nº 562 de data 19.06.2023 (BOP.PO núm. 127 de 03 de xullo 2023), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Adjudicar o contrato administrativo do servizo para o ACCESO A UN SOFTWARE ESPECIALIZADO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL QUE FACILITE A XESTIÓN INTEGRAL DE NÓMINA E RECURSOS HUMANOS A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD (OU NUBE), BAIXO A MODALIDADE DE PAGO POR USO (SOFTWARE AS A SERVICE – SAAS) (Denominación abreviada: SERVICIO DE IMPLANTACIÓN, MANTENIMENTO E SOPORTE DUN SOFTWARE DE XESTIÓN DE NÓMINA E RRHH A TRAVÉS DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA CLOUD) a SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMATICA APLICADA, S.L. (SAVIA) con CIF: B80004732, polo seguinte importe total polo prazo de duración do contrato 37.386,00 € (sen IVE), sendo o IVE de aplicación do 21% (7.851,06 €), o que supón un total de 45.237,06 € (IVE incluído).

O adxudicatario deberá cumprir as condicións incluídas na súa oferta económica que a continuación se extracta, e na documentación técnica contida no sobre B, así como as obrigas derivadas da súa proposición, as procedimentais sinaladas nos PCAP e PPT e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP e nos PPT:

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

1. OFERTA ECONÓMICA ANUAL (EN LETRA E NÚMERO):

SERVIZO DE CONSULTORIA: IMPLANTACIÓN DEPLIEGUE CLOUD, CONFIGURACIÓN ENLACE COINTABLE E IMPLANTACIÓN E FORMACIÓN AO USUARIOS SOBRE A RPT

- Importe neto: **13.026,00 € IVA excluído** (trece mil veintiseis euros IVA excluído)
- IVE (21%): 2.735,46 € (dos mil setecientos treinta e cinco euros con cuarenta e seis céntimos de euro del veintiun por ciento de IVA)
- Total: **15.761,46 € IVA incluído** (quince mil setecientos sesenta e un euros con cuarenta e seis céntimos de euro IVA incluído)

CUOTA DE ACCESO ANUAL A SOLUCIÓN CLOUD SOPORTE E MANTENIMENTO

- Importe neto: **12.180,00 € IVA excluído** (doce mil cento ochenta euros IVA excluído)
- IVE (21%): 2.557,80 € (dos mil quinientos cincuenta e sete euros con ochenta céntimos de euro del veintiun por ciento de IVA).
- Total: **14.737,80 € IVA incluído** (catorce mil setecientos treinta e sete euros con ochenta céntimos de euro IVA incluído)

Siguiendo el modelo del Anexo I del Pliego administrativo les incluimos el detalle económico de la oferta económica propuesta:

Proyecto acceso cloud a solución de nómina con RPT y Enlace contable	Año 1	Año 2	Total
Servicios de consultoría: implantación para despliegue cloud, configuración enlace contable e implantación y formación a usuarios sobre la RPT	13.026,00 €		13.026,00 €
Cuota de acceso anual a solución en cloud, soporte y mantenimiento	12.180,00 €	12.180,00 €	24.360,00 €
SUBTOTAL	25.206,00 €	12.180,00 €	37.386,00 €
IVA 21%	5.293,26 €	2.557,80 €	7.851,06 €
TOTAL	30.499,26 €	14.737,80 €	45.237,06 €

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización. Se esta non se levase a cabo por causa imputable á adxudicataria, a Administración esixiralle o importe do 3% do orzamento basee de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido no artigo 71.2.a) da LCSP. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar

SEGUNDO.- Dispor o gasto correspondente ao exercicio 2024 con cargo á aplicación 9200 21601 do vixente orzamento do Concello de Moaña correspondente ao exercicio 2024, aprobado na sesión ordinaria do Pleno do 30 de maio de 2024, cuxo resumo por capítulos foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 108 do 4 de xuño de 2024).

TERCEIRO.- Ordenar a publicación do correspondente anuncio, para o seu coñecemento e efectos oportunos, no perfil do contratante da XGL do Concello de Moaña, integrado na PCSP.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104





Concello de Moaña

CUARTO.- Notificar o acordo que no seu caso se adopte ás licitadoras que concorreron ao procedemento de contratación mediante notificación electrónica, nos termos previstos na Disposición adicional 15ª, por remisión do artigo 151 da Lei de Contratos do Sector Público.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e praxe da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente certificación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104

Cod. Validación: 906H7MFY29T42LZPXQHDX5L6
Corrección: <https://concellomoaña.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

